

VIERNES, 8 de octubre de 2010

REPORTAJE:

A experiencia galega de Dylan

O dramaturgo Rubén Ruibal é coautor dunha obra baseada na canción 'Black Diamond Bay' - O escritor Vicente Araguas estudou a poética do cantante

DANIEL SALGADO | 8 OCT 2010

Archivado en: [Bob Dylan](#) [Comunidades autónomas](#) [Administración autonómica](#) [Galicia](#) [Administración pública](#) [España](#)

En 1975, Bob Dylan percorría o mundo cunha caravana de amigos músicos, poetas, vividores. Nos entre actos daquela interminábel xira da Rolling Thunder Revue, o músico aproveitaba para deseñar o que desembocaría en *Desire*. Ese elepé sería, ademais do que contén a célebre Hurricane, a primeira vez que Dylan admitía outra parella de mans nas letras, as do dramaturgo Jacques Levy. Trinta e catro anos despois, outra parella de escritores, pero galegos, extraen de *Black Diamond Bay* -incluída en *Desire*- unha obra de teatro: *A néboa amarela* (Biblos, 2010). Non é a única pegada do autor de *Like a rolling stone* na literatura do país, aínda que si a máis evidente.

"Non habrá quen monte esta obra, é do século XIX", ironiza o seu autor

No blog '+dylan' créanse cancións, invéntase historias posíbeis a partir del

"A idea foi de César Candelas, quen me enviou un correo comentando que todas as cancións de *Desire* eran moi teatrais", fai memoria Rubén Ruibal (Ribadeo, 1970). Premio Nacional con *Limpeza de sangue* en 2007, Ruibal explica que o plano inicial trazado con Candelas (Ponferrada, 1964) consistía "en escribir unha obra con cada un dos nove temas do disco". O proxecto cínxiuse, polo momento, aos personaxes de *Black Diamond Bay* e sen unha razón aparente. "Esquecín por qué escollimos esa", asegura Candelas, "mais lembro ben pensando que pasaba logo do final da canción". A illa onde moran O Grego, O Crupier ou A Muller é eliminada do mapa por un terremoto e o narrador entérase polo telexornal.

N'A néboa amarela non só habitan as estelas da canción de Dylan. "César ten a teoría de que deconstruímos a canción, de que lle quitamos cousas", di Rubén Ruibal. E enumera, con César Candelas, "os roubos" sobre os que edificaron o seu proxecto teatral: outros cortes do elepé -*Romance in Durango*, *Oh Sister*-, o *Cyrano de Bergerac* de Edmund Rostand ou a historia medieval de Irlanda. "Bob Dylan era un plaxiadador implacábel", comenta Candelas, "e nós fixemos exactamente igual".

Con eses vimbios, Ruibal e Candelas tecen un traballo en que os personaxes do orixinal gañan profundidade, refúndense, inspíranse no real e interactúan nun escenario onírico e de clima tropical. "Son xente particular, xentes peculiares", matiza o dramaturgo de Ribadeo, "e nós pensamos sempre nun referente real; por exemplo, eu ao Grego imaxínoo como Roberto Vidal Bolaño". Todo un esforzo que nunca chegará ás táboas. "Non hai quen monte esta obra, xa non é que sexa do século pasado", ri Ruibal, "é que é unha obra do XIX, italiana, cun escenario de dous ou tres andares...".

Mais *A néboa amarela* non está soa. No feble rastro dylaniano nas letras galegas acompaña o blog que mantén o propio César Candelas, '+dylan', de subtítulo "dylanianos, dylanitas, dylántropos, vinde!". Na bitácora créanse e tradúcense cancións, invéntanse historias posíbeis relacionadas co cantautor de Duluth, escríbense curiosidades, débatese sobre a súa

traxectoria discográfica e glósanse os seus concertos en territorio galego, o último en xuño de 2008.

Reminiscencias de Bob Dylan titulou Xosé Antonio Moreno a súa única novela, de vontade xeracional e publicada en 2000. O poeta Antonio García Teijeiro é outro confeso seguidor de quen escribiu *Ballad of a thin man*. Pero ninguén tan dedicado como Vicente Araguas (Xuvia, Neda, 1950). Autor de novelas, poemas e relatos -Xuvia-Neda é o seu último libro- e integrante de Voces Ceibes nos setenta, Araguas ultima unha tese de doutoramento sobre "o mundo poético de Dylan".

"O xermolo foi a miña tesíña, que lin na Universidade de Alacante en 1998", conta dende Madrid, onde traballa e reside, antes de ir atrás: "Eu cheguei a Dylan no ano 65 e a través do *Blowin' in the wind* de Peter, Paul & Mary; daí, ao ano seguinte, pasei ao Dylan eléctrico, psicodélico". Con todo, Vicente Araguas non considera que Dylan influíse na súa música, e faino con sorna. "Xa me gustaría di", di, "pero o meu traballo débíalle máis á sinxeleza de Brassens, de non ser A Leo Ferré, compañeiro, coa guitarra de Toti Soler, o máis achegado a Bob Dylan que fixen".

E malia o seu interese pola poética dylaniá -"vou ao entorno antes que ao texto, a todo o que o arrodea"-, tampouco o escritor Araguas admite influencia, senón abeberar en fontes cercanas. "Os beat si que me influíron, sobre todo Ferlinghetti, Corso, algo menos Ginsberg", sinala, ao tempo que fai reconto e menciona a Alberto Avendaño, poeta e militante do Grupo Rompente, como autor no que si se detecta a Bob Dylan. "Eu, que non soporto, con apenas excepcións, os poemas musicados, tamén me pregunto se estaríamos a falar de Dylan como escritor fóra da música e as súas cancións", sincérase, e conclúe: "Sospeito que non".